

4º Educación Infantil





Profesores

Titora:
Ana Gómez Mirón

Mestra de Lingua estranxeira inglés:
Teresa Domínguez Domínguez
Mestre de Psicomotricidade:
Gonzalo Jara Fernández





Comeza unha nova etapa

Un ano mais comeza un novo curso. Como sempre temos dúbidas de como vai ser , pero non vos preocupedes, como sempre, será un ano perfecto.

É momento de coller a nosa mochila e enchela de ilusión, entusiasmo, ganas....





Nenos e nenas

Sabemos que os alumnos e alumnas son moi propensos a estas idades a contaxiarse con moita facilidade polo que recomendamos que non asistan a clase se teñen febre maior a 37 grados, infeccións na boca, oídos ou garganta, conxuntivites ou calquera enfermidade viral ou de fácil contaxio.



Pais e nais

01

Xustifica en todo momento a ausencia do teu fillo ou filla. Pode ser mediante Abalar ou de maneira presencial, pero sempre por escrito.

02

É imprescindible, polo ben da organización do centro e do aula, respectar e cumprir en todo momento os horarios marcados tanto en entradas e saídas. Entraremos as 9.00 e sairemos as 13.50 horas pola porta da esquerda.

03

Rogamos comuniquen e autorices por escrito ás persoas que vaian a recoller aos/as alumnos/as de maneira habitual. Se nalgún momento cambia a persoa de recollida ou de maneira esporádica ten que vir unha persoa que non estea autorizada con anterioridade terá que facer unha autorización expresa por escrito (Abalar ou whatsapp de centro) de recollida para ese día.



O meu material

O material escolar recollerase ao comezo de curso e será custodiado polo centro. Cada alumno terá o seu punto de material diferenciado e non será compartido.

A roupa que traian de abrigo e a mochila terá o seu sitio diferenciado e non se compartirá en ningún momento entre o alumnado. Os días de choiva as familias serán as responsables de deixar os paraugas no paraugueiro.

Todas as partes do uniforme (que debe ser o establecido nas normas xerais de centro), os tenis ou zapatos, a roupa de abrigo, mochila, paraugas,... deberán vir marcados co nome (e se é coincidente co primeiro apelido).



Pequenas cousas

Segundo normas do centro, non se poderán entregar invitacións de cumpreanos dentro do centro. A celebración dos cumpreanos no centro serán mediante cancións e xogos.

Non se poden traer elementos propios da casa (chupetes, xoguetes, mantas, elementos de relax). Na clase terán todo tipo de elementos para pasar a mañá.

Cada alumno terá un lugar asignado co seu nome para os momentos de traballo individual.

Durante o recreo disfrutaremos de diferentes xogos e da nosa propia imaxinación no xogo libre. Nos días na que a climatoloxía non o permita, o recreo realizarase no aula: actividades, xogos, desenvolvemento musical...





Son responsable

A merenda que se traia para media mañá ten que ser tomada polo alumno/a de maneira autónoma e deberá ser equilibrada. Recomendamos que se traia merenda que lle guste tomar, e que non teña elementos que se poidan derramar polas zonas comúns do aula.

A hora da merenda estará totalmente controlada e estarán separados os alumnos para que non se produza ningún intercambio de alimentos.

Non estará permitida a entrada a clase de ningún familiar. Os/as alumnos/as serán entregados/as e recollidos/as na porta do centro. A porta de saída dos alumnos de 4º de Educación Infantil será (visto de fronte o centro) a da esquerda.

A autonomía de control de esfínteres será necesaria para incorporación do alumnado ao centro.

Como en anos anteriores, baixo autorización escrita do pai e nai, se hai necesidade de cambio de roupa dentro do horario lectivo o alumno ou alumna poderá ter unha muda na clase para ser cambiado.

Todas a saídas do centro (por asistencia ao centro médico, papeis oficiais, outras saídas) serán baixo a responsabilidade dos pais, nai ou titores do alumnado que deberán xustificar conforme o levan do centro e o motivo da saída.



Será un ano xenial

As titorías, serán sempre con cita previa e faranse mediante Abalar, presenciais ou chamada telefónica os xoves de 16.00 a 18.00 h.

Non dubide en utilizar calquera dos medios de comunicación previstos para este curso para calquera consulta, información ou necesidade que atope durante o curso, para nos é imprescindible a comunicación constante coas familias.

Para poder comunicarse coa profesora podedes utilizar os seguintes medios:

Teléfono do centro: 986861990

Móbil/Whatsapp do centro: 650869147

Aplicación Abalar

Correo electrónico da aula: eicprsanjose@gmail.com

Correo electrónico de centro: cpr.sanjose.pontevedra@edu.xunta.gal

Toda a información relevante do centro poderá atopala na páxina web :
www.colegiosanjosepontevedra.es

